



CONFEDERACIÓN DE EMPRESARIOS DE GALICIA

GABINETE  
TÉCNICO DE  
*Igualdade*

Día internacional da Tolerancia



CONFEDERACION  
DE EMPRESARIOS  
DE LA CORUÑA



**cel**

Confederación de  
Empresarios de Lugo

**CEO**



Confederación  
empresarial de  
Ourense



CONFEDERACIÓN DE EMPRESARIOS DE PONTEVEDRA

Coa financiación de:



XUNTA  
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE  
PROMOCIÓN DO  
EMPREGO E IGUALDADE



GOBIERNO  
DE ESPAÑA

MINISTERIO  
DE TRABAJO  
Y ECONOMÍA SOCIAL



SERVICIO PÚBLICO  
DE EMPLEO ESTATAL  
**SEPE**

## 16 de novembro: Día Internacional da Tolerancia

En 1996, a Asemblea Xeral das Nacións Unidas (resolución 51/95) convidou os Estados Membros a celebrar nesta data o Día Internacional da Tolerancia, destacando que un dos propósitos da ONU é lograr a cooperación internacional na solución de problemas de carácter económico, social, cultural ou humanitario e no desenvolvemento e estímulo do respecto aos dereitos humanos e as liberdades fundamentais de todos/as, sen facer distincións por motivos de raza, sexo, idioma ou relixión.

Con anterioridade, a UNESCO, (para o seu cincuentenario, o 16/10/1995) adoptara a *Declaración de Principios sobre a Tolerancia*, que afirma, entre outras cousas, que a tolerancia reconece os dereitos humanos universais, as liberdades fundamentais dos demais e a diversidade dos pobos. Esta Declaración describe a tolerancia como un requirimento político e legal para as persoas, os grupos e os estados (non só un deber moral).

As Nacións Unidas están comprometidas a fortalecer a tolerancia fomentando a comprensión mutua entre as culturas e os pobos.

Elementos crave para iso:

- Acceso á educación (non debemos esquecer que, a miúdo, a intolerancia ten a súa raíz na ignorancia e o medo ao descoñecido. Indispensable educar, desde a infancia, sobre os dereitos humanos)
- Acceso á información e un marco legal. Con leis nos distintos Estados que permitan aplicar leis sobre dereitos humanos e contra as discriminacións e promovendo normativa que protexa o dereito á información e a liberdade de prensa.
- Toma de conciencia individual e en todos os ámbitos. Unha sociedade intolerante é o resultado de sumar as intolerancias individuais e as de distintos ámbitos (familia, centros educativos, amizades, **centros de traballo...**).

Como todos e todas formamos parte da solución, desde o Gabinete de Igualdade da CEG **queremos conmemorar este día reivindicando un esforzo para non tolerar a violencia, en xeral, e nos Centros de Traballo en particular**).

Nestes tempos tan convulsos, *“traballemos”* a tolerancia como base fundamental dunha boa convivencia entre os seres humanos de diferentes culturas, razas, credos e modos de vida.

**Porque a tolerancia é sinónimo de respecto**, non serven nin a indiferenza nin a indulxencia.

[igualdade@ceg.es](mailto:igualdade@ceg.es)

981 555 888